

Luns, 1 de setembro de 2025

Núm. 165

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Persoal, oposicións****Concello do Porriño**
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES**DOCUMENTO:**

Data inicio de exposición: 01-09-2021

Data final de exposición: 03-11-2025

O Porriño, a de de

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 22/08/2025, POLA QUE SE NOMEAN A PERSOAS FUNCIONARIOS DE CARREIRA PARA CUBRIR DEFINITIVAMENTE 3 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO 2020 (LEI 20/2021).

ANUNCIO

Resolución da alcaldía número 2025-2669 de data 22/08/2025 do Concello do Porriño, pola que se nomean funcionarios/as de carreira para cubrir definitivamente as prazas incluídas na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal do ano 2020, ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro.

"DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

Expte. 5974/2022

Mediante Decreto da Alcaldía, número 2022-2986 do 01/12/2022, aprobouse a convocatoria e as Bases xerais e específicas reguladoras do proceso selectivo, polo sistema de concurso para cubrir definitivamente as prazas incluídas na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal para o ano 2022, aprobada por Decreto da Alcaldía nº 2022-1107 do 11 de maio de 2022 e publicada no Diario Oficial de Galicia nº 100, do 25/05/2022.

As Bases publicáronse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 245 do 26/12/2022 e o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia nº 37 do 22/02/2023 e no Boletín Oficial do Estado do 10/06/2023.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal cualificador emitiu a seguinte proposta de nomeamento, que foi publicada no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

"O Tribunal de conformidade coa Base décimo primeira das Bases Xerais que rexen a convocatoria, declara aprobados/as e eleva á Alcaldía proposta de nomeamento para a cobertura de tres prazas de auxiliar administrativo de persoal funcionario de carreira, coa denominación de Oficial administrativo, códigos de posto 01.01.00.03, 01.03.00.04,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:31LPDZGR9BU676Z4



01.03.00.05, pertencentes ao grupo C, subgrupo C2, escala administración xeral, subescala Auxiliar, as/os seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº DE ORDEN
LORENZO ESPAÑOL, JUAN RAMON	***5648**	1º
TATO MACHADO, AVELINA	***9465**	2º
DA ROCHA GONZALEZ, EVA MARIA	***9414**	3º

Considerando que o artigo 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LI) establece:

“Quen accedan por calquera título a un novo posto do sector público que con arranxo a esta Lei resulte incompatible co que viñera desempeñando, haberán de optar por uno deles dentro do prazo de toma de posesión.

A falta de opción no prazo sinalado se entenderá que optan polo novo posto, pasando á situación de excedencia voluntaria nos que viñera desempeñando.

Se se tratara de postos susceptibles de compatibilidade, previa autorización, deberán instala nos dez primeiros días do aludido prazo de toma de posesión, entendéndose este prorrogado en tanto recae resolución.”

Visto o precepto citado, a devandita proposta, o establecido na base 14ª das bases xerais do referido proceso selectivo, e atendendo as peticións dos interesados situados en primeiro e en segundo lugar da proposta, esta Alcaldía de conformidade coas atribucións que lle confire o artigo 21.1. h) e s), 102.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 136 do RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e o artigo 41.14 e 27 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVE:

PRIMEIRO.— Aprobar os resultados definitivos e a proposta de nomeamento do Tribunal do proceso selectivo, polo sistema de concurso, para cubrir definitivamente as prazas incluídas na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal para o ano 2022, ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e, en consecuencia:

Nomear funcionarios/as de carreira do Concello do Porriño, as persoas que se relacionan a continuación, para ocupar definitivamente as prazas e postos que se indican:

Apelidos e nome	DNI	Praza	Código posto
LORENZO ESPAÑOL, JUAN RAMON	***5648**	Auxiliar administrativo, escala de Administración Xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2.	01.03.00.04
TATO MACHADO, AVELINA	***9465**	Auxiliar administrativo, escala de Administración Xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2.	01.01.00.03
DA ROCHA GONZALEZ, EVA MARIA	***9414**	Auxiliar administrativo, escala de Administración Xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2.	01.03.00.05



Luns, 1 de setembro de 2025

Núm. 165

SEGUNDO.— As tomas de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación desta resolución de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.— Quen, en virtude desta resolución, acceda a un novo posto neste concello que con arranxo ao devandito precepto resulte incompatible co que viñera desempeñando, terá que optar por un deles dentro do prazo de toma de posesión. A falta de opción no prazo sinalado se entenderá que optan polo novo posto, pasando á situación de excedencia voluntaria no que viñera desempeñando.

CUARTO.— Notificar persoalmente esta resolución ás persoas nomeadas e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra cos recursos procedentes.”

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer:

- a) Recurso potestativo de reposición, perante o órgano administrativo que ditou esta resolución, no prazo de UN MES, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).
- b) Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ó da súa publicación no BOPPO, se opta pola impugnación directa ante o orden xurisdiccional contencioso-administrativo, ou desde o día seguinte a aquel en que se publique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.
- c) Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 31LPDZGR9BU676ZA

